



BANDO

José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela (Lugo).

INFORMA:

A Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, convoca axudas para a obtención dos permisos de condución das clases B e C por parte das persoas mozas residentes en Galicia, coa finalidade de mellorar a súa autonomía, mobilidade e a súa empregabilidade.

O importe da axudas será de 400 euros para a obtención do permiso de condución de clase B e de 650 euros para o permiso de clase C. O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención de ambos permisos.

Poderán solicitar as axudas as persoas mozas que cumpran os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude:

- a) Ter cumpridos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención do permiso de clase C.
- b) Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- c) Estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Estar matriculadas nunha autoescola da Comunidade Autónoma de Galicia no momento de presentar a solicitude ou ben ter o/os permisos o/os cales se solicita a axuda con data de expedición entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data de presentación da solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do día 10 de marzo ata o día 31 de xullo de 2020, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible. Para máis información poden consultar o Diario Oficial de Galicia do día 9 de marzo de 2020.

O Alcalde
Documento asinado ao marxe electronicamente

